

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



ER-0539/2008



ÍNDICE

Capítulo 1.....	3
• Onde estamos?	
• A quen nos diriximos?	
• Quen somos?	
Capítulo 2: Que queremos?.....	6
• Aspectos xerais	
-Obxectivos	
-Metodoloxía	
-Contribución da etapa ás competencias	
-Tratamento dos elementos transversais e da educación en valores	
-Liñas xerais de atención á diversidade	
-Criterios xerais de avaliación e promoción	
-Aspectos xerais das programacións didácticas	
• Plans, programas e proxectos	
Capítulo 3: Como nos organizamos?.....	11
• Plan de convivencia	
• NOFC	
Capítulo 4: Como organizamos os recursos?.....	11
• Xestión dos recursos humanos	
• Xestión dos recursos materiais	
Dilixencia	12

CAPÍTULO 1.

1.1.-ONDE ESTAMOS?

O CEIP Os Muíños está situado ó oeste da provincia da Coruña na zona da Costa da Morte, no concello de Muxía, na localidade que dá nome o colexio, a aldea de Os Muíños, parroquia de Moraime, a 4 km da capital do Concello. A parroquia de Moraime posúe unha igrexa, a de San Xiao que é un edificio románico do século XII, de planta basilical con tres naves e tres ábsidas.

A aldea de Os Muíños debe o seu nome á cantidade de muíños que había no lugar, conservándose algúns deles restaurados no traxecto que conforma o paseo fluvial. Aproveitando os desniveis do terreo que neste treito produce o río Negro os veciños viron un lugar idóneo para situar este tipo de construcións.

O municipio de Muxía está integrado na comarca de Fisterra e no epicentro do xeodestino da Costa da Morte. Ten unha extensión de 121 km².

Poboación: Ao redor de 5.000 veciños distribúense en 14 parroquias.

Fronteiras: Ao norte, a ría de Muxía-Camariñas; ao sur o río Castro; ao leste os municipios de Dumbría e Vimianzo e ao oeste o Océano Atlántico.

Morfoloxía: Muxía é sobre todo un concello costeiro, onde o litoral forma a súa unidade morfolóxica máis importante. A súa costa é variada e esténdese desde onde finaliza o esteiro do río Grande de Ponte do Porto ata a embocadura do río Castro no extremo sur da praia de Lires.

As terras baixas do concello sitúanse na parte norte que dá á ría de Muxía-Camariñas, onde se suceden varios derrames litorais percorridos por regatos, e en parte no sur por onde pasa o río Castro. No centro do concello hai unha zona cunha altitude que oscila entre os 100 e os 300 metros. Son destacables a presenza de cantís costeiros e de complexos dunares de gran singularidade como poden ser os da praia de Nemiña. A máxima altitude está no monte Facho (309 metros), próximo á costa. En canto aos ríos e zonas húmidas, suman case 108 quilómetros de lonxitude.

A paisaxe da Muxía interior está dominada polos usos agrarios e pastorais e pola localización dispersa dos núcleos de poboación. O litoral ofrece algunhas das mostras paisaxísticas de maior calidade do litoral atlántico ibérico.

Este concello caracterízase por ter dúas áreas xeográficas e humanas perfectamente delimitadas: A Muxía rural, formada polas parroquias de Leis, Moraime, a O, Nemiña, Ozón, Morquintán, Caberta, Coucieiro, Frixe, Buitrón, Touriñan, Vilatose e Bardullas, nas que a maioría das familias adícanse ás labores agropecuarias; e a Muxía mariñeira, integrada por unha única parroquia que leva o nome de Muxía e na que a inmensa maioría das familias viven da actividade mariñeira.

Das 14 parroquias que forman o concello de Muxía, o CEIP Os Muíños recibe alumnado de 5 delas: A O, Leis, San Mariño de Ozón, Moraime e Muxía (desta última a partir de 3º EP).

No entorno conviven diferentes modalidades de actividade económica e incluso social: existen vivendas abandonadas ou pechadas, o que nos leva a pensar na emigración; hai tamén casas que se mostran avellentadas e nas que non existen expectativas de sucesión, o que nos indica que os máis mozos abandonan o campo e as actividades máis artesanais; hai explotacións gandeiras; algunhas unidades familiares combinan os ingresos agropecuarios con outras actividades non relacionadas co campo; e, por último, existen unidades familiares nas que os ingresos principias non proveñen nin da agricultura, nin da gandería, nin do mar como fonte principal.

Temos polo tanto a zona denominada como Muxía gandeira, formada polas parroquias de Ozón, Vilatose, Moraime e Morquintián, que forman parte da área que acolle este centro.

A zona denominada Muxía Forestal, caracterizada pola súa grande riqueza forestal, principalmente pino. Aquí inclúense as parroquias de Frixe, Bardullas, Nosa señora da O, Coucieiro, Buiturón e Caberta. Debido a extensión do monte madeirable existente nesta zona, viuse favorecida a instalación de cinco serradoiros: o de Morpeguite, o de Cartel en Moraime, o de Vilarmide en Coucieiro, o de Sinagoga en Caberta e o de Nemiña.

A Muxía de subsistencia, zona do concello que comprende as parroquias de Nemiña e Touriñán que desenvolven unha actividade ocupacional variada: agricultura, gandería, pastoreo, marisqueo (fundamentalmente de percebe), e por suposto, traballos noutros sectores non rurais.

A maioría das empresas corresponden ós sectores agrícola-gandeiro, forestal e pesqueiro, dirixidas por empresarios individuais ou de pequena empresa. Non existen grandes empresas, e poucas medianas, polo que a oferta de traballo é moi escasa.

En canto ós oficios tradicionais, os máis salientables son o encaixe de bolillos, (existen varias asociacións de palilleiras no concello), e os secadoiros de congro que, aproveitando as especiais condicións climáticas desta costa realizan un vello sistema de conservación do peixe e aportan un singular espectáculo visual.

Nos últimos anos incrementouse a actividade turística no concello, collendo moito auxe o turismo rural e a afluencia de peregrinos polo Camiño de Santiago ó ser Muxía un dos destinos finais da Ruta Xacobeá.

1.2.-A QUEN NOS DIRIXIMOS?

No curso actual (2024-2025) o 51% do alumnado son nenos, e o 49% nenas.

Tendo en conta a procedencia, o 32% do alumnado provén da parroquia de Muxía, o 38% de Moraime, o 19% de Ozón, o 5% de Leis e un 5% da O. Un 1% procede do concello limítrofe de Vimianzo.

O 88% das unidades familiares son biparentais, e o 12% monoparentais.

Un 10% do alumnado naceu no estranxeiro. Un 4% teñen o inglés como lingua materna, e o 1% o portugués. O 83% é galegofalante, fronte a un 12% que habitualmente se expresan en castelán.

O centro conta cunha asociación de nais e pais, ANPA O Facho, que ten representación no Consello Escolar e colabora organizando actividades extraescolares fóra do horario lectivo.

O CEIP Os Muíños está adscrito ó IES Ramón Caamaño de Muxía. Tamén conta cun centro adscrito, O CEIP Virxe da Barca de Muxía, de quen recibe alumnado a partir de 3º EP.

No concello hai outro colexio, o CEIP Vilarmide-Eduardo Noya, co que comparte o servizo de orientación e a especialista de AL.

Ademais, existe unha relación fluida cos Servizos Sociais do concello de Muxía, e co CIM (Centro de Información á Muller) para traballar coordinadamente casos particulares relacionados co alumnado e familias, así como para a realización de actividades e obradoiros ofertados por estes servizos.

1.3.-QUEN SOMOS?

O CEIP Os Muíños comezou a funcionar no ano 1983. É un centro de infantil e primaria que a partir do ano 2008 implementou un Sistema de Xestión polo que obtivo o Certificado de Calidade da empresa Aenor segundo a norma UNE EN ISO 9001:2015. Por esta circunstancia, o centro sométese a dúas auditorías anuais (interna e externa).

Na actualidade ten dúas unidades de Educación Infantil, unha delas mixta (4 e 5 anos) e cinco de primaria: unha delas mixta (1º e 2º EP) atendendo a un total de 120 alumnos.

Contamos con 15 mestres: dous especialistas en EI, cinco de EP, un de Inglés, dous de PT, un de AL (itinerante a 2 centros), un de Relixión (itinerante a outro centro), un de EF, un de Música e unha Orientadora (itinerante a 2 centros).

No centro tamén traballan un conserxe, a cociñeira e unha axudante de cociña.

O colexio dispón dos servizos complementarios de comedor e transporte escolar e, ademais do ensino das etapas de Infantil e Primaria, oferta a escolarización en aula específica.

A vida académica do centro xira en torno á Biblioteca escolar como fonte de información e recursos, incorporándose ó Plambe na convocatoria 2005-2006. Tendo como base as liñas prioritarias de cada curso, elabórase un PDI (Proxecto documental integrado) para desenvolver anualmente.

A razón de ser do CEIP Os Muíños (misión) é fomentar a creatividade e o espírito crítico no alumnado, para acadar o éxito escolar a través dun enfoque innovador, colaborativo, compensador de desigualdades e inclusivo, que favoreza un clima saudable e seguro e o compromiso de toda a comunidade educativa.

Aspiramos a (visión) ser un referente socio-educativo, como lugar seguro, inclusivo, adaptable aos cambios, que propicie o benestar nun entorno saudable e comfortable.

Consideramos importante o desenvolvemento destes valores: respecto, tolerancia, responsabilidade, diálogo empatía, solidariedade, compañeirismo, inclusión e esforzo.

CAPÍTULO 2.

QUE QUEREMOS?

2.1.-ASPECTOS XERAIS.

2.1.1.-OBXECTIVOS.

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

p) Priorizar en EI o respecto aos hitos do desenvolvemento do alumnado nesta etapa, destacando as actividades propias dos prerequisites básicos para a

adquisición da linguaxe e das habilidades necesarias para que, posteriormente en EP, adquiran a lectoescritura.

2.1.1.1-CONCRECIÓN CURRICULAR

2.1.2.-METODOLOXÍA.

Potenciarase a aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares, a través da transversalidade e a interdisciplinariedade

Darase unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación.

Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e teranse en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Fomentarase o hábito da lectura, incorporando un tempo diario de dedicación á mesma non inferior a trinta minutos.

Prestaráselle atención personalizada aos alumnos e alumnas, realizando diagnósticos precoces e establecendo mecanismos de reforzo organizativos e curriculares (apoio no grupo ordinario, agrupamentos flexibles, adaptacións de currículos)

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. Acordaranse criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

2.1.3.-CONTRIBUCIÓN DA ETAPA ÁS COMPETENCIAS.

As competencias recollidas nos decretos 150/22 e 155/22 contextualízanse tendo en conta os seguintes plans e proxectos desenvolvidos no centro:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

-Proxecto documental integrado

-Club de lectura

-Radio escolar

-Apadriñamentos lectores

-Lectura e familias

b) Competencia plurilingüe (CP).

-Proxecto documental integrado

-Edixgal

-Radio escolar

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).

-Biblioteca creativa

-Robótica

d) Competencia dixital (CD).

-Proxecto edixgal

-Plataforma Snapett

-Plan dixital

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

-Obradoiros do Departamento de Orientación sobre habilidades sociais hábitos de estudo.

-Comedor escolar

-Patrios dinámicos (Activiades propostas desde a área de EF)

-Traballo en grupos colaborativos (apadriñamentos, titorización entre iguais)

-Utilización da aula exterior (ao aire libre)

f) Competencia cidadá (CC).

-Proxecto de saídas culturais e extracolares

-Participación en concursos organizados por asociacións culturais e consellerías

-Proxecto "O mar na escola, navegando co vento"

-Realización de actividades complementarias con asociacións que fomentan a inclusión

g) Competencia emprendedora (CE).

-Participación en concursos do centro e promovidos por outras entidades

-Biblioteca creativa

-Robótica

-Radio escolar

-Obradoiros de cociña no comedor escolar

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

-Actividades propostas desde a biblioteca (recital de poesía, concurso de lectura en voz alta, maratón de lectura...)

-Proxecto documental integrado (elaboración de murais e decoración de portas e aulas co tema anual)

-Utilización do espazo artístico creado polo propio centro no patio de infantil

As actividades educativas ordenaranse para lograr que o alumnado obteña delas experiencias útiles.

Adecuaranse as tarefas definindo con claridade as operacións mentais que o alumnado debe realizar (razonar, argumentar, crear...), os contidos que necesita dominar e o contexto no que se vai desenvolver.

As tarefas serán variadas, relevantes para a vida, axeitadas aos obxectivos que se queren acadar e propiciarán a adquisición do maior número de competencias.

Para planificar e organizar a actividade didáctica na aula propónse o seguinte modelo:

- Constituír unha unidade de traballo na aula.
- Propoñer situacións ou problemas relacionados coa vida real.
- Reflexir os distintos contextos propios da vida do alumnado.
- Ter un obxectivo de aprendizaxe claro e definido.
- Incluír a avaliación como parte do proceso.
- Facilitar a xeralización do aprendido a novas situacións.

Teranse en conta as seguintes estratexias para fomentar a aprendizaxe activa e potenciar o desenvolvemento das competencias:

- Xerar un ambiente propicio na aula: crear un clima de escoita, respecto, cooperación, valorando positivamente as posibilidades do alumnado.
- Xerar estratexias participativas: fomentar o cuestionamento dos saberes, a actitude de curiosidade, o diálogo...
- Motivar cara o obxectivo de aprendizaxe: propoñer situacións significativas, funcionais, reais e complexas, próximas á realidade.

-Favorecer a autonomía da aprendizaxe: limitar o uso de métodos transmisivos, propiciar que o alumnado tome parte na planificación, organización, toma de decisións...

-Favorecer o uso integrado e significativo das TIC: utilizar as TIC para aprender e para comunicar o aprendido.

-Favorecer o uso de fontes de información diversas: utilizar recursos e fontes de información diversas, non utilizar o libro de texto como única fonte de información.

-Favorecer a comunicación oral e/ou escrita do aprendido: impulsar a interacción entre iguais para construír o coñecemento, comunicar o aprendido...

-Impulsar a avaliación formativa: reflexionar sobre as propias estratexias de aprendizaxe, crear situacións de autorregulación, dar a coñecer os criterios de avaliación, potenciar a autoavaliación...

-Favorecer a utilización de organizacións diferentes do espazo e do tempo: adecuar a organización do espazo da aula ao proxecto de traballo, flexibilizar a duración das sesións de traballo....

-Impulsar a funcionalidade do aprendido fóra do ámbito escolar: realizar propostas globalizadas que favorezan o desenvolvemento das distintas competencias.

2.1.4.-TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E DA EDUCACIÓN EN VALORES.

Na elaboración das distintas programacións didácticas teranse en conta estas consideracións:

Traballaranse en todas as disciplinas a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Promoverase a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Fomentarase a equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, aplicando medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Fomentarase a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Promoverase a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia (terrorista, de xénero...), racismo ou xenofobia, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Fomentaranse valores fundamentais como a empatía (compañeirismo, solidariedade, xenerosidade, capacidade de negociación e diálogo), esforzo, responsabilidade, respecto (tolerancia)

Aspectos como o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes, prevención dos accidentes e normas de tráfico, incluíranse nas áreas que corresponda.

2.1.5.- LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O obxectivo primordial é proporcionarlle ao alumnado e ás familias un bo servizo de orientación académica e unha atención individualizada aos seus problemas de carácter persoal, para posibilitar unha inserción o máis completa posible na comunidade educativa do centro e no seu entorno familiar e social.

Para iso levaranse a cabo as seguintes actuacións:

1.-Avaliación inicial.

- ✓ Revisión de informes de avaliación previos, informes psicopedagóxicos e expedientes académicos.

- ✓ Detección de necesidades urxentes.

- ✓ Definición das liñas prioritarias de actuación.

2.-Elaboración do Plan de Orientación.

3.-Revisión e actualización de Plans:

- ✓ Plan de acción tutorial (PAT)

- ✓ Plan de atención á diversidade

4.-Execución do Plan de Orientación e outros Plans:

- ✓ Solicitar a intervención do DO.

- ✓ Recollida de información inicial.

- ✓ Entrevista coas familias

- ✓ Elaboración de informes psicopedagóxicos.

- ✓ Asesoramento a mestres e familias.

- ✓ Solicitar a intervención do EOE

- ✓ Coordinación con outros centros (adscritos, de adscrición, en réxime combinado, gabinetes...)

5.-Avaliación da execución do Plan:

- ✓ O DO avalía o 100% dos casos nos que se solicita intervención por parte dos titores.

2.1.6.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

Como norma xeral, para promocionar de curso o alumnado terá todas as áreas aprobadas. Excepcionalmente, poderán promocionar ó curso seguinte con

dúas áreas suspensas. No caso de que sexan tres as áreas con avaliación negativa, poderán promocionar sempre que:

- O equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- O equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- O equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Para o alumnado con adaptación curricular, os referentes da avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirles a promoción.

2.1.7.- ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

As programacións didácticas elaboraranse en base á normativa vixente, utilizando a aplicación PROENS. As do Departamento de Orientación terán formato libre.

2.2.-PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS.

- [Proxecto Lingüístico](#)
- [Plan Lector](#)
- [Plan de Biblioteca](#)
- [Plan xeral de atención á diversidade](#)
- [Plan específico para alumnado repetidor](#)
- [Plan de orientación](#) e [acción tutorial](#)
- [Plan Dixital](#)

CAPÍTULO 3.

COMO NOS ORGANIZAMOS?

- [Plan de Convivencia](#)
- [NOFC](#)

CAPÍTULO 4.

COMO ORGANIZAMOS OS RECURSOS?

- [Xestión de recursos humanos](#)
- [Xestión de recursos materiais](#)

DILIXENCIA

Este PEC foi revisado e actualizado polo equipo directivo do CEIP Os Muíños.

Presentouse ó Claustro e Consello Escolar en reunión ordinaria con data 21/01/2025, e foi aprobado na mesma data.

A SECRETARIA



Asdo. M^a José Rey Benlloch



A DIRECTORA



Asdo. Aurelia M^a Picallo Merlán